



# A DOMUS DO MITREO: Espazo didáctico

O LUGO ROMANO



## LIMIAR

O Museo Universitario A Domus do Mitreo, pon en marcha unha programación didáctica para os centros escolares centrada nos restos arqueolóxicos atopados neste espazo e no mundo romano, e como non no Lugo romano.

Este espazo é unha referencia como conxunto arqueolóxico e conta cun grande atractivo como espazo divulgativo. Por iso, propoñémoslles aos centros escolares que adiquen unhas horas a coñecer dunha maneira lúdica e didáctica este lugar emblemático da historia da arqueoloxía de Galicia.

Neste programa os/as docentes poderán atopar visitas guiadas xunto cunha serie de obradoiros didácticos adaptados ás necesidades específicas de cada ciclo educativo (E. Infantil, E. Primaria, E. Secundaria e Bacharelato así como a ciclos de Educación Especial, Formación Profesional e Educación de Persoas Adultas). Ademais os centros que impartan cursos de educación non regrada poden atopar actividades transversais moi interesantes e aptas para os seus estudantes.

Os/as alumnos/as coñecerán un pouco máis sobre as pegadas do mundo romano na cidade de Lugo, aprendendo o pasado e experimentándoo dunha maneira lúdica e ao mesmo tempo educativa.

### MUSEO UNIVERSITARIO A DOMUS DO MITREO

No ano 1998 a Universidade de Santiago de Compostela decidiu converter o Pazo de Montenegro na súa sede institucional na cidade de Lugo. A necesaria intervención arqueolóxica que se levou a cabo permitiu que puidésemos descubrir varios achados de relevancia, entre os que destaca unha vivenda romana (*domus*) construída no primeiro cuarto do s. I d.C. de acordo coas recomendacións do grande arquitecto Vitrubio en canto a proporcións, materiais, xestión hidráulica, illamento, solos, etc.

Os restos conservados da *domus* amósannos un edificio que dispoñía de





## PROGRAMA DIDÁCTICO

dous andares (planta baixa e primeiro piso) e que se organizaba a partir dun patio porticado ou peristilo. A este patio abríanse as distintas dependencias, tanto as destinadas a labores domésticos (cociña, almacéns, latrinas, cortes) e residencia dos e das servidores, como as dirixidas á actividade social, (sala de recibir visitas ou *oecus*) e privada (dormitorios: *cubicula*) dos donos da casa. Os espazos privados de descanso e públicos de recepción aparecen decorados con pinturas murais.

Na época do Baixo Imperio (século III) a *domus* é reformada co obxectivo de construír no seu interior un templo adicado ao deus Mitra ou mitreo, que hoxe dá nome á casa. Na identificación desta estrutura de culto axudou de maneira evidente a localización dunha ara votiva perfectamente lexible e na que se alude, a través dunha inscrición, á persoa que ordenou construíla. Trátase dun centurión da *Legio VII Gemina Antoniniana*, *Gaius Victorius Victorinus*. Este personaxe estivo encargado da oficina de recadación tributaria de *Lucus Augusti* (situada no seu mesmo domicilio, con toda probabilidade) na época do emperador Marco Aurelio (211-217 d.C.). O culto ao deus Mitra ou mitraísmo chegou ata o extremo occidental do imperio da man de militares que tomaron contacto con el moi probablemente durante campañas en Asia Menor, sen esquecer a influencia dos comerciantes orientais e dos representantes imperiais. Finalmente, unha nova vicisitude muda de novo a fisionomía da *domus* a finais deste século III: a construción da muralla e foso e do seu *intervallum* (rolda interior) provocou a expropiación primeiro, e a destrución despois, da parte habitable da *domus*, aínda que o templo mitraico permanecerá en funcionamento ata o século IV d.C.



MUSEO  
UNIVERSITARIO  
A DOMUS  
DO  
MITREO

## O PROGRAMA DIDÁCTICO

O programa didáctico escolar do Museo Universitario da Domus do Mitreo permite escoller entre dúas modalidades de visita: a visita guiada, e a visita guiada xunto cunha actividade complementaria. As actividades executaranse en grupos que non superarán as 22 persoas por monitor/a para asegurar o seu bo desenvolvemento. Con este número conseguiremos transmitir con maior claridade os contidos propostos e establecer un proceso participativo que lles permita a todos os alumnos e alumnas interactuar cos materiais didácticos que se empregarán nas actividades.

### A VISITA GUIADA

Dende o Museo Universitario da Domus do Mitreo propoñemos unha visita guiada dinámica para achegar aos alumnos e alumnas aos segredos mellor gardados do mundo romano na cidade de Lugo. Neste Museo de 600 m<sup>2</sup> agrúpanse diversos restos arqueolóxicos cuxa interpretación permitirá aos visitantes coñecer aspectos de grande interese acerca da evolución da cidade, tanto no período romano como en épocas posteriores. Ademais, durante o percorrido ao subsolo da cidade de Lugo, as/os visitantes poderán interactuar con diversas réplicas arqueolóxicas vencelladas a esta etapa da historia de Galicia.

### OBRAIDROS DIDÁCTICOS ESCOLARES

Trátase de actividades creadas para o desenvolvemento dunha boa capacidade de razoamento, pensamento e de resolución de problemas, todas elas relacionadas co mundo romano, o mundo da arqueoloxía e coa cidade de Lugo. O obxectivo é que as alumnas/os logren comprender diferentes aspectos dos modos de vida e a cultura material relacionados co mundo romano. Deste xeito, poñemos a disposición dos centros escolares un espazo adaptado para a realización destas actividades para que os rapaces e rapazas poidan realizar unha viaxe inesquecible ao pasado e poidan mergullarse nunha experiencia arqueolóxica única.

#### OPCIÓN 1:

Visita monitorizada ao Museo Universitario da Domus do Mitreo

**Duración:**  
**45 minutos**

#### OPCIÓN 2:

Visita monitorizada ao Museo Universitario da Domus do Mitreo + Obradoiro didáctico

**Duración:**  
**70 minutos**



## PROGRAMA DIDÁCTICO

## OBRADOIRO: UNHA VIAXE NO TEMPO



60 min.



Ed. Infantil

Partindo da narración oral e de numerosas réplicas arqueolóxicas e láminas ilustrativas, achegaremos o mundo da antiga Roma aos máis pequenos. Seguidamente, tentaremos profundar nalgún dos segredos que garda a Domus do Mitreo a través da narración dinamizada dun conto chamado: “Alypia e Iulius viaxan ao Lugo romano”. Ademais, as nenas e nenos poderán ver e tocar diversas réplicas relacionadas coas excavacións que se fixeron neste espazo. Unha actividade que non esquecerán!

## OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Aprender novo vocabulario específico relacionado co mundo romano.
- Descubrir o mundo romano cotián a través dos obxectos deste período.
- Aprender a respetar o patrimonio arqueolóxico e entender a súa importancia.
- Estimular a creatividade e a imaxinación das alumnas e alumnos a través dun conto.



## OBRADOIRO: ARQUEÓLOGOS/AS NA *DOMUS*



60 min.



Ed. Primaria, ESO e Bacharelato.

Nesta actividade o alumnado participante poderá achegarse á investigación científica no campo da arqueoloxía, mediante unha participación proactiva para coñecer e comprender as formas de vida durante a antiga Roma. As cativas e cativos realizarán unha escavación simulada, relacionada cos achados da *Domus* do Mitreo. Do mesmo xeito, serán as propias alumnas e alumnos os que interpretarán os elementos achados e experimentarán algúns aspectos da vida cotiá da época romana na cidade de Lugo.

### OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Comprender de xeito sinxelo pero rigoroso os procesos de investigación científica propios da arqueoloxía.
- Valorar axeitadamente a importancia do patrimonio histórico e o legado arqueolóxico.
- Promover a toma de conciencia e a responsabilidade individual na conservación do patrimonio cultural.
- Descubrir algúns aspectos da vida cotiá da época romana e comparalos con aspectos da nosa realidade actual.





## PROGRAMA DIDÁCTICO

## OBRADOIRO/EXHIBICIÓN DE ARQUEOLOXÍA EXPERIMENTAL: NOS FOGÓNS DE *APICIUS*



60 min.

Ed. Primaria, ESO, Bacharelato,  
Formación Profesional, NEE e EPA.

Propoñemos unha viaxe no tempo empregando a arqueoloxía como medio para descubrir e recrear diferentes aspectos da alimentación en época romana. Unha actividade sensorial pensada para achegar a sociedade, a alimentación, e a cultura material da antiga Roma aos/as participantes. Nesta actividade levaremos a cabo unha aproximación á sociedade romana a través da gastronomía da época onde os/ás visitantes poderán tocar, cheirar e saborear un prato romano.

### OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Descubrir os modos de vida en época romana a través da súa cultura gastronómica.
- Coñecer a evolución da cociña na antiga Roma a través de ingredientes, ferramentas e receitas.
- Comprender a importancia da comida como elemento social.
- Valorar e fomentar o interese e a sensibilidade polo patrimonio arqueolóxico, así como o respecto e a conservación del.





# INFORMACIÓN PRÁCTICA

## RESERVAR A VISITA

Os grupos escolares deben reservar previamente a súa visita, ou ben por teléfono ou por enderezo electrónico.

Contacto para as reservas

Teléfono: 982 821 513 (de luns a venres de 09 a 14 horas)

enderezo electrónico: [cultura.lugo@usc.es](mailto:cultura.lugo@usc.es)

## ORGANIZACIÓN DOS GRUPOS

Debido ás características do xacemento só se permite a entrada a un máximo de 22 alumnas/os. No caso de que o grupo escolar supere este número, divídaos previamente en dous grupos dun máximo de 22 persoas. Cada un deles baixará á *Domus* acompañado dun/dunha educador/a do Museo e dun/dunha docente.

## RECOMENDACIÓNS

Debido ás condicións de conservación do material e á propia situación da *Domus* sete metros por baixo do nivel do Lugo actual, durante todo o ano a temperatura no xacemento é de entre 15 e 18 graos, cun nivel de humidade de entre o 70% e o 85% polo que se aconsella traer roupa axeitada.

## NORMAS

Antes de realizar a visita é aconsellable explicarlles aos alumnos as normas que deben seguir e que son as habituais en calquera museo:

- Non se permite entrar con paraugas, mochilas e obxectos punzantes. O Museo carece de consigna, polo que se deberá ter en conta esta circunstancia.
- Os teléfonos móbiles deberán estar apagados.
- Non se permite apoiarse nas vitrinas nin tocar as pezas, excepto as deseñadas con esta función e que están debidamente sinalizadas.
- Non se poden consumir comidas ou bebidas.
- Está permitido realizar fotografías sen trípode e sen flash.

## ACCESIBILIDADE

O Museo permite o acceso a persoas con mobilidade reducida, tanto á *Domus* como á exposición situada no piso primeiro. Igualmente existen WC adaptados.

## HORARIO

Visitas guiadas. Martes a venres. 11 a 14 horas.

Visita guiada + Obradoiros didácticos. martes 11 a 14 horas.





MUSEO  
UNIVERSITARIO  
A DOMUS  
DO  
MITREO

Elaborado por:  
Beatriz Gómez Arribas - Área de didáctica  
Sarely Montero Cárdenas - Área de didáctica

 Galipat

